

PROPOSTA DA XERENCIA PARA A ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

ASUNTO: CONTRATACION POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAUDE, XEOTÉCNICO, E DE TELECOMUNICACIÓN VISADO, NECESARIOS PARA A REHABILITACIÓN DOS INMOBLES SITOS EN FERRERÍA 27 E 29".

Con data 12 de setembro de 2008 o Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo, asinou a aprobación da adxudicación provisional para a redacción do proxecto que figura no encabezamento a M^a A. Leboreiro Amaro. En dita resolución outorgábaselle a adxudicataria provisional o prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte o da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante para aportar a documentación a que se refire a cláusula 10.6 do prego de cláusulas administrativas que rexe no presente concurso. A publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Consorcio Casco Vello de Vigo, tivo lugar o día 15 de setembro, polo que o prazo outorgado finalizaba o día 02 de outubro. Por outro lado foron informados da adxudicación provisional, a través da oportuna notificación todos e cada un dos licitadores que presentaron ofertas. A adxudicataria provisional, M^a A. Leboreiro Amaro, presentou en tempo e forma a documentación referida no apartado anterior, e por parte dos demais licitadores non houbo ningún tipo de observación respecto da adxudicación provisional. En consecuencia, a esta Xerencia, propón ao Sr. Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo, órgano de contratación no procedemento negociado sen publicidade en trámite, a adopción da seguinte,

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Aprobar a adxudicación definitiva da contratación polo procedemento negociado sen publicidade para a redacción do proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde, xeotécnico, e de telecomunicación visado, necesarios para a rehabilitación dos inmobles sitos en **ferrería 27 e 29** á arquitecto dona **M^a A. Leboreiro Amaro**, con NIF 00380043Z e domicilio en Mantelas, 63 Vigo, nas condicións indicadas na súa proposta e por importe de 23.200€, mais o IVE de 3,712,00 euros, o que fai un total de **VINTE E SEIS MIL NOVECENTOS DOCE EUROS IVE INCLUIDO (26.912,00€)** por considerar que é a oferta é mais ventaxosa para os intereses do Consorcio Casco vello de Vigo.

SEGUNDO: Que se faga pública a resolución de adxudicación definitiva no perfil do contratista do Consorcio Casco Vello de Vigo, o día de 06 de outubro de 2008 para coñecemento xeral, así como a notificación a todos os licitadores. Posteriormente, e no prazo establecido, procedase á formalización do contrato en documento administrativo ao que se unirá o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescipcións técnicas asinadas polo adxudicatario no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte o da notificación da adxudicación definitiva, constituído dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

En Vigo, a 03 de outubro de de 2008

O Xefe do Consorcio

Alfonso Ramos Covelo

DECRETO:

Esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire o artigo 12.e dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo, examinada a proposta formulada pola Xerencia, RESOLVE favorablemente á mesma.

O manda e asina o Sr. Presidente, en Vigo a 06 de outubro de 2008, ante min, secretaria que certifico.

A Secretaria

Marta Riobó Ibáñez

O Presidente

Santiago Xosé Domínguez Oliveira